

Convenio de Colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Fundación Galicia Europa para a defensa da política rexional de Galicia na Unión Europea e para a realización de actividades de comunicación, difusión, visibilidade e formación sobre fondos europeos en Galicia.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

Dunha parte,

Miguel Corgos López-Prado, conselleiro de Facenda e Administración Pública, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución do 8 de abril de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución de 8 de abril de 1991 (Diario Oficial de Galicia nº82, do 30 de abril de 1991), e de conformidade co establecido no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Doutra parte,

Jesús María Gamallo Aller director da Fundación Galicia Europa, que intervéñen neste acto por conta e en representación da mesma, segundo recollen os seus estatutos, no seu artigo 26.1.g), elevados a escritura pública perante o notario de Santiago de Compostela don José Manuel Amigo Vázquez, o vinte seis de febreiro de dous mil vinte catro, co número cincocentos oitenta e un do seu protocolo, tendo a Fundación o seu domicilio na rúa do Hórreo, nº 61, código postal 15701 de Santiago de Compostela, con código de identificación fiscal G15140023.

Ambas as partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, a capacidade legal suficiente para outorgar este convenio a este efecto,



EXPOÑEN

Primeiro.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Que a Fundación Galicia Europa creouse ao amparo do artigo 34.1 da Constitución española e réxese pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e normativa de desenvolvemento, inscrita no Rexistro de fundacións de interese galego, con número 1988/1. Foi declarada de interese galego pola Orde do 24 de maio de 1988 e resúltalle de aplicación a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en concreto, o artigo 118 de réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control, e o artigo 119 de auditoría e control. Dependente do padroado, coa composición e funcións que se determinan nos seus estatutos.

A Fundación Galicia Europa, creada para promover todas aquelas accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa, centra o seu labor en defender os intereses de Galicia ante a Unión Europea, promover a participación galega en proxectos europeos, e informar, formar e sensibilizar sobre a Unión Europea en Galicia.

Terceiro.- Que a Fundación Galicia Europa vén desenvolvendo actuacións relativas á obtención, análise e transmisión ás institucións públicas de Galicia de información procedente da esfera comunitaria que poida afectar aos intereses da sociedade galega en xeral, presta apoio na captación de fondos de financiamento comunitario a entidades de Galicia mediante, entre outros, a formación a empregados de entidades públicas e privadas de Galicia.

Cuarto.- Que a Consellería de Facenda e Administración Pública é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda e de función pública se establecen no Estatuto de autonomía, así como, competencias en materia de estatística e de formación. Esta Consellería, a través da Dirección Xeral competente en materia de política de cohesión e fondos europeos, é a responsable da programación, xestión, seguimento, comunicación, avaliación e control en relación con todos os programas de fondos europeos en que actúe como autoridade de xestión, organismo intermedio, organismo coordinador ou organismo equivalente.



Quinto.- Que a Consellería de Facenda e Administración Pública considera esencial o apoio á Fundación Galicia Europa para o estreitamento da participación conxunta e colaborativa do papel de Galicia en Europa, e no desenvolvemento de actividades de comunicación, difusión, información e visibilidade dos fondos europeos, especialmente dos da política de cohesión, de formación do persoal empregado público no ámbito do financiamento europeo e de captación de fondos europeos así como participación en proxectos europeos.

Sexto.- Resulta de gran interese para ambas as dúas institucións o impulso e apoio ás actuacións de participación, colaboración, fomento da visibilidade da Xunta de Galicia e da experiencia en política rexional europea e de cohesión, co fin último dun mellor servizo público e de deseño e xestión dos fondos europeos.

Sétimo.- Que a Fundación Galicia Europa constitúe a entidade idónea para levar a cabo a colaboración coa Consellería de Facenda e Administración Pública en materia de comunicación dos fondos europeos, tanto por tratarse dunha entidade instrumental da Xunta de Galicia como pola súa experiencia e bagaxe nesta área. A Consellería valora especialmente o coñecemento que ten para poder difundir as actuacións desenvolvidas en Galicia cos fondos europeos, desde o seu enclave privilexiado en Bruxelas.

Oitavo.- Que este acordo de colaboración está cofinanciado pola Unión Europea, no marco dos Programas FEDER Galicia 2021-2027, con cargo á asistencia técnica.

En consecuencia, é de aplicación o disposto no Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e a Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos: a Orde HFP/1414/2023, de 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos elixibles dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.

En base ao interese mutuo de acadar un fin común, ambas as dúas entidades acordan subscribir un convenio de colaboración que se regulará polas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Fundación Galicia Europa, para o desenvolvemento da colaboración e participación conxunta de ambas entidades na área de política rexional e de actividades de comunicación, difusión, información e visibilidade dos fondos europeos, e de formación nesta materia, segundo se recolle na cláusula segunda.

Segunda. Actuacións a desenvolver pola FGE

- a) A Fundación Galicia Europa elaborará informes de análises sobre os debates europeos no ámbito da política rexional e de cohesión europea. O número de informes e os prazos de presentación determinaranse na Comisión de Seguimento prevista na cláusula décima.
- b) Levará a cabo a comunicación, visibilidade e difusión de proxectos financiados polos fondos europeos en Galicia, con maior fincapé nos da política de Cohesión, e destacando proxectos emblemáticos ou boas prácticas.

Realizará esta comunicación a través de publicacións de novas, cunha periodicidades de ao menos mensual, a través das canles da propia Fundación Galicia Europa, e fará entrega á Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos para a súa difusión nas redes de comunicación das que é titular. Así mesmo esta comunicación de proxectos galegos financiados con fondos europeos publicaranse nas páxinas web de ambas entidades intervenientes no convenio.

- c) A Fundación Galicia Europa colaborará nas actividades singulares desenvolvidas pola Consellería de Facenda, en relación coa comunicación e visibilidade dos fondos europeos en Galicia.

A actuación de colaboración desenvolverase nas seguintes tres actividades:

- a. Celebración dun Acto anual de comunicación e difusión dos fondos europeos en Galicia
- b. Concurso sobre proxectos europeos #EuropaXunta

Esta actuación de colaboración nestas dúas actividades consistirá na difusión e publicidade nas canles da Fundación Galicia Europa para mobilizar a maior cobertura de participación de entidades e órganos xestores, e o maior número de proxectos presentados.

- c. Estratexia de comunicación de Fondos europeos en Galicia.

A actuación consistirá na colaboración no deseño da estratexia de comunicación e a súa participación como órgano de comunicación dos fondos europeos.



- d) A Fundación Galicia Europa realizará dúas edicións de cursos de formación sobre fondos europeos, cuxo contido versará sobre as distintas fontes de financiamento europeo, políticas e programas da Unión Europea. Incluirá unha introdución xeral dos fondos europeos e do Marco Financeiro Plurianual no que se inscriben os diferentes programas europeos e abordará así mesmo as pautas e principais características sobre as distintas modalidades de xestión dos fondos europeos e sobre a elaboración de proxectos de xestión directa pola CE.

Esta formación irá destinada ao persoal dos organismos xestores de fondos europeos integrados no sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a capacitación doutras entidades galegas, incluíndo as entidades concernidas polo principio de partenariado na xestión dos fondos estruturais.

A Fundación Galicia Europa farase cargo da organización destes cursos no que atinxe ao temario, profesorado participante e convocatoria e selección do alumnado. Poñerá a disposición a súa sede en Bruxelas para o desenvolvemento presencial dos cursos e contactará e organizará as visitas a institucións comunitarias do alumnado participante para coñecer *in situ* as súas principais funcións.

Prevese que os cursos teñan unha participación de alumnado en torno a 20 persoas participantes presenciais por cada edición, coa posibilidade de abrilo tamén á participación en liña.

Excepcionalmente no ano en curso (2025) inclúese soamente unha edición do curso de formación, debido a que non dará tempo a facer dous pola entrada en vigor coa data da sinatura, xa no segundo semestre do ano en curso

- e) A Fundación Galicia Europa realizará a difusión, comunicación e explicación das posibilidades de financiamento europeo, especialmente das convocatorias de programas de financiamento comunitario de xestión directa co obxectivo de apoiar a captación de fondos europeos en Galicia.

Realizará así mesmo a dinamización dunha comunidade virtual especializada en financiamento comunitario.

Utilizará as canles de difusión e redes sociais da Fundación Galicia Europa e entregará dita información á Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos para a súa publicación nas redes das que é titular.

A difusión terá como destinatarios principais os organismos xestores de fondos europeos integrados no sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, así como outras entidades galegas, incluíndo as entidades concernidas polo principio de partenariado na xestión dos fondos estruturais.



Terceira. Obrigas das partes

A Consellería de Facenda e Administración Pública, asume a obriga de poñer a disposición da Fundación Galicia Europa en virtude deste convenio de colaboración o seguinte:

- Información sobre a xestión dos fondos europeos levada a cabo pola consellería como organismo intermedio dos Programas rexionais de Feder e FSE+ de Galicia 2021-2027, e como órgano competente na coordinación e o seguimento da execución da programación cofinanciada con fondos europeos, executada polo sector público autonómico, achegando información sobre os proxectos autorizados e os organismos xestores.
- Material divulgativo e/ou expositivo sobre os fondos europeos para dalos a coñecer á cidadanía galega e en Europa, como a Exposición sobre Fondos Europeos e material didáctico para a mocidade sobre fondos europeos, actualmente en fase de elaboración.

A Fundación Galicia Europa asume a obriga de desenvolver as actuacións contempladas na cláusula segunda.

Ademais, estará suxeita ás seguintes obrigas:

- a) O cumprimento da normativa comunitaria aplicable, en particular, o Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o Fondo de Cohesión, o Regulamento (UE) 2021/1057, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) núm. 1296/2013, así como a Orde HFP/1414/2023, de 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos elixibles dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.
- b) Garantir o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no deseño e desenvolvemento das actividades do programa obxecto do convenio. Así mesmo garantir o cumprimento dos principios horizontais, contidos no artigo 9 Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, especialmente a ter en conta a accesibilidade para as persoas con discapacidade.
- c) Respetar as normas de elixibilidade do gasto financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, do Regulamento (UE) 2021/1058, de 24 de xuño de 2021, do Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021, así como na Orde HFP/1414/2023, de 27 de decembro, e na Orde TES/106/2024, do 8 de febreiro.
- d) Asegurarse de que os gastos declarados son conformes coas normas aplicables, no seu caso, e que non existe dobre financiamento do gasto con outros réximes comunitarios ou nacionais así como con outros períodos de programación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ou do Fondo Social Europeo.
- e) Manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación, sen prexuízo das normas xerais da



contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con fondos dos Programas FEDER Galicia 2021-2027 e Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

f) Conservar os documentos orixinais ou copias debidamente compulsadas ou ben en soportes de datos comunmente aceptados, en especial versións electrónicas de documentos orixinais ou documentos existentes unicamente en versión electrónica, xustificativos da actuación realizada e da aplicación dos fondos recibidos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Facenda e Administración Pública; ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas; ou a outros órganos da Administración do Estado.

h) Cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021. En particular, de conformidade cos artigos 47 e 50 do devandito Regulamento, nos espazos nos que se desenvolvan as actuacións contarán co emblema da Unión Europea xunto coa declaración 'Cofinanciado pola Unión Europea'. Igualmente, nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a operación nun lugar ben visible para o público. Tamén se fará unha breve descrición da actuación na páxina web e nas contas nos medios sociais, no caso de dispoñer delas, mencionando os obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión Europea. Ademais, en todos os documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da actuación, destinados ao público ou ás persoas participantes, proporcionarase unha declaración que saliente a axuda da Unión Europea de xeito visible.

Deberá igualmente subministrarse á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

Cuarta. Réxime económico

A Consellería de Facenda e Administración Pública achegará un total de corenta e catro mil cincocentos oito euros (44.508 €), con cargo á aplicación orzamentaria 10.01. 612A.640.3 do proxecto de gasto 2024 00019 Información e Comunicación, na que existe crédito adecuado e suficiente, coa seguinte desagregación por anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2025	14.875
2026	29.633
TOTAL CONVENIO	44.508



Este convenio está cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa FEDER Galicia 2021-2027 con cargo á asistencia técnica.

A Fundación Galicia Europa asumirá os gastos derivados do funcionamento do espazo propio da sede en Bruxelas onde se desenvolverán algunhas das accións obxecto deste convenio de colaboración.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos que se realicen nos seguintes períodos:

- Na anualidade 2025: Dende o día seguinte ao da sinatura do convenio ata o 30 de novembro de 2025.
- Na anualidade 2026: Do 1 de decembro de 2025 ata o 30 de novembro de 2026.

As achegas económicas que se comprometan a realizar as partes asinantes, non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

Quinta. - Vixencia do convenio de colaboración

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2026.

En calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia previsto no parágrafo anterior, as entidades asinantes do convenio poderán acordar por unanimidade, mediante addenda, a súa prórroga ata un máximo de catro anos adicionais. No caso de que a prórroga comporte contía económica, o seu importe será previamente determinado na Comisión de Seguimento prevista na cláusula décima, sempre que exista crédito adecuado e suficiente na partida financiadora.

Sexta. Gastos imputables ao convenio

Poderán imputarse a este convenio os gastos realizados e efectivamente pagados nos períodos estipulados na cláusula quinta.

Poderán financiarse con cargo a este convenio os gastos de persoal necesarios para a execución das ditas actividades, concretamente os derivados dos custos do persoal destinado á execución directa das actividades descritas na cláusula segunda. Non serán imputables a este convenio de colaboración os gastos de persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio.

En todo caso, deberase respectar o disposto no Regulamento 2021/1060 do 24 de xuño, na Orde HFP/1414/2023, de 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos elixibles dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027 e na Orde TES/106/2024, de 8 de febreiro, pola que se determinan gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.



Sétima. Xustificación

1. A achega da Consellería de Facenda e Administración Pública será librada nunha conta corrente da que sexa titular a Fundación Galicia Europa, previa presentación da xustificación das actividades realizadas, mediante a achega da seguinte documentación:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades incluídas no presente convenio de acordo de colaboración.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades, que conterà:

1º. No caso de gasto de persoal: nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social, documentos de retencións do imposto da renda das persoas físicas e documentos similares.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais de 2025 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a Fundación Galicia Europa obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2026.

2º. Unha relación clasificada dos gastos de cada actividade, con identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, data de emisión e no seu caso, data de pago de cada unha delas.

3º. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no número ordinal anterior e a documentación acreditativa do pago.

c) Unha certificación expedida pola persoa directora da Fundación Galicia Europa, da realización das actividades incluídas neste convenio de acordo de colaboración e o gasto derivado delas.

d) Unha declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non tendo pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. A documentación xustificativa prevista nesta cláusula deberá remitirse con prazo ata o 20 de decembro de 2025, data límite de xustificación para a anualidade 2025 e ata o 28 de novembro de 2026 para a segunda anualidade.

3. Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da Fundación Galicia Europa, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da



Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, de conformidade coa normativa de subvencións públicas.

4. A falta de presentación de xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobro do importe do convenio de colaboración, ou da parte proporcional non xustificada.

Oitava. Pagamento

O pagamento da contía anual comprometida á Fundación Galicia Europa, realizarase logo de comprobar a súa xustificación. A Consellería de Facenda e Administración Pública requirirá, no seu caso, que se achegue ou complete a documentación xustificativa, ou ben se realicen as aclaracións que considere oportunas.

Novena. Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora xerados dende o momento do seu pagamento, as contempladas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, e mais polas seguintes:

- a) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
- b) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

Se con posterioridade ao pagamento dos fondos percibidos, acredítase un incumprimento de condicións ou destino dos fondos percibidos ao obxecto do convenio, procederá o seu reintegro, total ou parcial, segundo proceda, así como os correspondentes xuros de demora.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Décima . Comisión de seguimento e control

1. Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio constitúese unha comisión de seguimento e control, que estará composta por dúas persoas representantes de cada unha das partes asinantes do convenio.
2. As funcións principais serán:
 - a. Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan formularse respecto do convenio.
 - b. Determinar o detalle da actuación contemplada na letra a) da cláusula segunda do convenio.



- c. Determinar o importe económico no caso que se leve a cabo segundo o previsto na cláusula quinta a prórroga do convenio.

3. A representación da Consellería de Facenda e Administración Pública, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de política de cohesión e fondos europeos, que, así mesmo, ostentará a Presidencia da Comisión e nomeará a outra persoa do equipo da dirección xeral que formará parte así mesmo da comisión de seguimento.

A suplencia será asumida segundo o disposto no artigo 12 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, de estrutura da Consellería de facenda e Administración Pública.

4. A representación da Fundación Galicia Europa, corresponderalle á persoa titular da dirección da Fundación Galicia Europa, que nomeará a outra persoa desa entidade que formará parte da comisión de seguimento.

5. A secretaría, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a persoa titular da presidencia da Comisión, de entre o persoal funcionario da Dirección Xeral competente en materia de política de cohesión e fondos europeos. Contará con voz pero sen voto.

6. Esta comisión que se reunirá por petición de calquera das partes. Todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, xustificación e pagamento, así como reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á actividade apoiada por este acordo, serán resoltas pola persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública.

7. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, no que atinxe a unha representación equilibrada de mulleres e homes e no recollido na súa disposición adicional primeira.

Décima primeira. *Inexistencia de relación laboral*

Para levar a cabo os obxectivos e fins do programa a apoiar co acordo de colaboración a través do convenio, a Fundación Galicia Europa poderá contratar, con cargo ao orzamento sinalado na cláusula terceira, persoal para o desenvolvemento das actividades descritas. Neste caso, a Fundación Galicia Europa asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades do programa descritas no convenio.

A sinatura deste convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e empregados da Fundación Galicia Europa que desenvolvan as actividades programadas e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Décima segunda. *Publicidade e transparencia*

1. Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de acordo co previsto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e nos Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.



3. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décima terceira. Información básica sobre protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.



Décima cuarta. Réxime xurídico e normativa de aplicación

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Facenda e Administración
Pública
O Conselleiro

Miguel Corgos López-Prado

Pola Fundación Galicia Europa
O director

Jesús María Gamallo Aller

